

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3413186351427069922.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 61-2024 Arquivo municipal

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO CONTRATO MENOR QUE SE PRETENDE LICITAR PARA ADQUIRIR DIFERENTES EQUIPOS DE OFICINA PARA O ARQUIVO MUNICIPAL

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 61-2024, por un importe total de 2.245 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do contrato menor que se pretende licitar para adquirir diferentes equipos de oficina para o Arquivo Municipal consistentes nunha destrutora de documentos con nivel de seguridade P-4, un ventilador e un estor.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1671/2024, do 20.11.2024 así como o RCMOD Ref.: 77419/2024, por importe de 2.245 €, do 19.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións do mesmo programa de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, trátase dun importe reducido e segundo a documentación de inicio do expediente, cando se realizou a previsión orzamentaria de material inventariable para o arquivo aínda non estaba valorado na súa totalidade.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 2.245 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3413186351427069922.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 61-2024 Archivo municipal

APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
92003.22699	2.245,00 €	92003.62500	24XX00046	2.245,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	2.245,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		2.245,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.